

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL CON DATA 4 DE XANEIRO DE 2018

No Salón de sesión da Casa Consistorial de Ribadumia, sendo as vinte horas do día catro de xaneiro de dous mil dezaoto, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria, previamente convocada na forma regulamentaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. David J. Castro Mougán, reúnen os sres. concelleiros: D^a M^a del Mar Rey Pérez; D. Enrique J. Oubiña Lago; D. José Ramón González Ledo; D^a M^a do Pilar Martínez Troncoso; D^a M^a del Mar Moimenta Otero; D. Juan Carlos Esperón Prado; D^a M^a Salomé Peña Muñiz; D. Luis Serantes Alvarez; D^a Susana Fandiño Vázquez; D. Antonio Roma Arcos; D^a M^a Dolores Esperón Feijoo e D. Antonio Bermúdez Varela.

Actúa como Secretaria da Corporación D^a M^a Dolores Franco Mateo.

1º.- ACTAS ANTERIORES.-

Dáse conta á Corporación da acta da sesión correspondentes á ordinaria celebrada con data 7 de setembro de 2017.-

Pola Sra. Peña Muñiz indícase que no punto 3, no 2º segundo parágrafo, na súa intervención, na acta figura que *"por unha deixadez do Concello este ano se incrementou moito os recibos de auga sobre todo polo tema do canon que aplica a Xunta"*; e que ela o que dixo foi que *"por non ler os contadores nos recibos veñen o consumo de dúas anualidades o que representa que o consumo é maior e se incrementa proporcionalmente o importe do canon de auga e do coeficiente de vertedura"*.

No punto 6º da orde do día no último parágrafo non está clara a redacción e debería dicir: *"que agora empeza a saber cal é a intención para traer esta moción e é unha intención necia e non entende o porqué, xa que por parte da Federación sempre houbo boa intención de traballar co Concello"*.

Indica que a súa intervención foi que: *"lémballe ao Sr. Alcalde que dende que se fixo o evento no mes de maio a día de hoxe aínda está sen pagar a aportación municipal"*

A Sra. Peña Muñiz dí que no punto 7º relativo á "Moción do P.P. para instar á Deputación Provincial para a execución do proxecto de construción de beirarrúas dende o Pazo ata a rotonda dos Castaños" di que na súa primeira intervención deu conta detallada das actuacións levadas anteriormente a cabo para dita obra, de forma cronolóxica e do importe da mesma e non se recolle detalladamente na acta.

Que ela dixo que: *"é un proxecto que ascendía a 192.342,63 euros; que foi aprobado pola Deputación en xuño de 2015, polo goberno do P.P. na Deputación; que tiña un prazo de execución de 3 meses; que saíu a licitación o 15 de xullo de 2015;"*

que procedeuse á apertura de plicas en setembro de 2015; aque ela interesouse en diversas ocasión polo proxecto e sobre como estaba a súa tramitación e quedou paralizado ata que o 30 de xaneiro de 2017, 14 meses despois, se emite informe sobre a inviabilidade das obras alegando que falta o replanteo, cando xa se tiña replanteado antes e co consenso dos veciños, e que faltaba os planos de replanteo e de ocupación dos terreos e iso era fácilmente subsanable; e o 22 de febreiro de 2017 se desiste deste procedemento anulando o procedemento de licitación". Que se solicita se inste á Deputación a execución do proxecto xa que a obra estaba aprobada, había financiación, se contaba cos terreos e co consenso dos veciños e tiña que ter sido rematada en xaneiro de 2016".-

Realizadas as aclaracións indicadas, a Acta é aprobada por unanimidade dos Sres. asisntentes, coas correccións indicadas.

A Sra. Martínez Troncoso di, que polo que ela entende, nas actas non ten porque recollese literalmente as intervencións e que se recollen con bastante extensión, polo que hai que recoñecer a labor realizada pola Secretaria neste aspecto.

Unha vez tidas en conta as aclaracións feitas pola Sra. Peña Muñiz e polo Sr. Serantes Alvarez, a acta é aprobada por unanimidade dos asistentes.

2º.- ADXUDICACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO.-

Toma a palabra o Sr. Oubiña Lago e explica o procedemento que se ven tramitando para a adxudicación do "Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Ribadumia".-

Da conta dos principais trámites do expediente:

- O Pleno Municipal, con data 29 de maio de 2017 acordou aproba-lo expediente de contratación para a adxudicación da xestión indirecta do servizo público municipal de Axuda no Fogar deste Concello, mediante procedemento aberto e trámite ordinario, con varios criterios de adxudicación e aproba-lo prego de cláusulas administrativas e técnicas para a súa adxudicación.-
- A última das publicacións realizouse o día 10 de xullo de 2017 no BOP nº 131, co que o prazo de presentación de ofertas finalizou o día 7 de agosto de 2017.
- Presentaron ofertas sete empresas.
- O día 10 de agosto procedeuse á apertura do sobre B de "documentación técnica suxeita a criterios non avaliábles automaticamente"
- Con data 29 de novembro emitíuse informe técnico asinado pola Traballadora Social e o Educador familiar.

- Con data 20 de decembro se procede á apertura do sobre C referente á "oferta económica e documentación técnica suxeita a criterios avaliábles automaticamente"

Da conta da puntuación final obtida por cada unha das empresas e que a que máis puntuación final obtivo foi Achega Atención Domiciliaria S.L. e que o prezo ofertado pola mesma foi de 11€/hora (sen IVE) para as horas ordinarias (de básica e dependencia) e 12,50 €/horas (sen IVE) para as horas extraordinarias.

Resalta as melloras obtidas respecto do contrato actualmente subscrito e indica que procede aprobar a valoración e clasificación das ofertas e propoñer a adxudicación a favor de Achega Atención Domiciliaria S.L. por se-la empresa que presentou a oferta máis vantaxosa economicamente.

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz e pregunta quen valorou o sobre C e pregunta porque tardouse tanto en someter á aprobación do Pleno; dáse conta de que ambos sobres os valoraron os técnicos municipais e que a valoración do sobre B les levou bastante tempo.- Di que o seu grupo vai votar a favor da proposta porque entende sacouse a licitación e os técnicos propoñen á mellor oferta.

Visto o acordo adoptado polo Pleno con data 29 de maio de 2017 polo que prestouse aprobación ó expediente de contratación para a adxudicación da xestión indirecta da concesión administrativa do servizo público municipal de Axuda no Fogar deste Concello, mediante procedemento aberto e trámite ordinario, con varios criterios de adxudicación e ó prego de cláusulas administrativas e técnicas para a adxudicación do devandito contrato

Visto que durante a licitación se presentaron as proposicións que constan no expediente.

Visto que, constituída a Mesa de contratación, procedeuse á apertura do sobre "B", acordándose a valoración das propostas e proxectos polos técnicos do departamento de Servizos Sociais, emitíndose dito informe con data 29 de novembro de 2017, co seguinte resultado:

Puntuación sobre "B":

- Achega Atención Domiciliaria S.L.	22 puntos
- Idades S.L.	18 puntos
- Servizos Sociais Ulla Sar S.L.	18 puntos
- Son a Túa Axuda S.L.	17 puntos
- Pedroso y Rojas S.L. (Saluvi)	13 puntos
- Servicios Sociais á Comunidade S.L.	8 puntos
- Aser Ferreira Rodriguez (Alento Serv.)	8 puntos

Visto que con data 20 de decembro reuniuse a mesa de contratación para proceder á apertura dos sobres "C" de criterios evaluables mediante fórmulas e que unha vez analizadas as propostas presentadas, emitíuse informe técnico acadando as

empresas a puntuación por tales conceptos evaluables mediante fórmulas que se indica:

Puntuación sobre "C":

- Acheга Atención Domiciliaria S.L.	67,39 puntos
- Idades S.L.	69,26 puntos
- Servizos Sociais Ulla Sar S.L.	68,31 puntos
- Son a Túa Axuda S.L.	65,38 puntos
- Pedroso y Rojas S.L. (Saluvi)	56,47 puntos
- Servizos Sociais á Comunidade S.L.	42,44 puntos
- Aser Ferreira Rodriguez (Alento Serv.)	35,10 puntos

Visto que tendo en conta todos os criterios a puntuación total obtida é a seguinte:

Puntuación Total:

- Acheга Atención Domiciliaria S.L.	89,39 puntos
- Idades S.L.	87,26 puntos
- Servizos Sociais Ulla Sar S.L.	86,31 puntos
- Son a Túa Axuda S.L.	82,38 puntos
- Pedroso y Rojas S.L. (Saluvi)	69,47 puntos
- Servizos Sociais á Comunidade S.L.	50,44 puntos
- Aser Ferreira Rodríguez (Alente Serv.)	43,10 puntos

Visto que formulouse proposta de adxudicación a favor da empresa "ACHEGA Atención Domiciliaria S.L."; examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 151.4 e a Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, o Pleno Municipal, por unanimidade dos Sres. asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Clasificar as propostas presentadas, atendendo á proposta da Mesa de Contratación, de conformidade co seguinte orde decrecente:

- ACHEGA Atención Domiciliaria S.L., por un prezo de 11,00 €/hora (máis IVE) para horas ordinarias e 12,50€/horas (máis IVE) para horas extraordinarias de días festivos e fins de semana, debendo aportar o persoal cualificado adscrito ó servizo (a maiores do que figura nos pregos) e servizos técnicos e complementarios que ofertan na proposta presentada.
- IDADES S.L., por un prezo de 11,84 €/hora (máis IVE) para horas ordinarias de prestación básica; 11,75 €/hora para horas ordinarias de dependencia e de 12,98€/horas (máis IVE) para horas extraordinarias de días festivos e fins de semana, debendo aportar o persoal cualificado adscrito ó servizo (a maiores do que figura nos pregos) e servizos técnicos e complementarios que ofertan na proposta presentada.

- SERVICIOS SOCIAIS ULLA- SAR S.L., por un prezo de 11,08 €/hora (máis IVE) para horas ordinarias de prestación básica e de dependencia; e de 13,49€/horas (máis IVE) para horas extraordinarias de días festivos e fins de semana, debendo aportar o persoal cualificado adscrito ó servizo (a maiores do que figura nos pregos) e servizos técnicos e complementarios que ofertan na proposta presentada.
- SON A TÚA AXUDA S.L., por un prezo de 11,15 €/hora (máis IVE) para horas ordinarias de prestación básica e de dependencia; e de 112,15€/horas (máis IVE) para horas extraordinarias de días festivos e fins de semana, debendo aportar o persoal cualificado adscrito ó servizo (a maiores do que figura nos pregos) e servizos técnicos e complementarios que ofertan na proposta presentada.
- Pedroso y Rojas S.L. (SALUVI), cun prezo de 11,308 €/hora (máis IVE) para horas ordinarias de prestación básica e de dependencia; e de 13,00€/horas (máis IVE) para horas extraordinarias de días festivos e fins de semana, debendo aportar o persoal cualificado adscrito ó servizo (a maiores do que figura nos pregos) e servizos técnicos e complementarios que ofertan na proposta presentada.
- SERVICIOS SOCIAIS Á COMUNIDADE S.L., por un prezo de 11,20 €/hora (máis IVE) para horas ordinarias de prestación básica e de dependencia; e non oferta prezo para horas extraordinarias de días festivos e fins de semana, debendo aportar o persoal cualificado adscrito ó servizo (a maiores do que figura nos pregos) e servizos técnicos e complementarios que ofertan na proposta presentada.
- Aser Ferreira (ALENTO SERVICIOS), por un prezo de 11,14 €/hora (máis IVE) para horas ordinarias de prestación básica; 11,24 €/hora para horas ordinarias de dependencia; e de 11,24 €/horas (máis IVE) para horas extraordinarias de días festivos e fins de semana, debendo aportar o persoal cualificado adscrito ó servizo (a maiores do que figura nos pregos) e servizos técnicos e complementarios que ofertan na proposta presentada.

SEGUNDO. Notificar e requirir a ACHEGA ATENCIÓN DOMICILIARIA S.L., licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, para que presente, no prazo de dez días a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a documentación acreditativa da posesión e validez dos documentos esixidos no apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como a documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, de dispor efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector

Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

TERCEIRO.- Realizados ditos trámites, e previo informe correspondente, facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para que proceda a realizar a adxudicación do contrato da xestión do servizo de axuda no fogar no Concello de Ribadumia á devandita empresa ACHEGA Atención Domiciliaria S.L., facultándoo tan amplamente como sexa necesario para a total execución do presente acordo.

CUARTO.- Realizada a adxudicación se proceda a notificar ós licitadores que non resultaron adxudicatarios, ós efectos oportunos e a publicación da adxudicación e da formalización do contrato no Perfil do Contratante.

3º.- ADHESIÓN Ó CONVENIO COA FEGAMP PARA A DESIGNACIÓN DE RIBADUMIA COMO CONCELLO EMPRENDEDOR.-

Toma a palabra a Sra. Martínez Troncoso para indicar que sométese á consideración do Pleno Municipal a adhesión ó Protocolo Xeral de actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia" e segundo a LEI 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia, dando extensa conta do contido do protocolo.

A Sra. Peña Muñiz di que lle chama a atención porque hai 12 días se decía que era unha proposta do equipo de goberno e o grupo do P.P. popular xa dixo que a rebaixa de taxas e impostos era para poder facer a adhesión a este protocolo; que aquelas bonificacións era o primeiro paso e xa se podía ter feito no mesmo pleno; que é un punto que se debate dúas veces e se podía ter feito en unha soa vez e que non hai que ocultar que é unha iniciativa da Xunta á que o Concello de Ribadumia se suma; que agora se acepta que é iniciativa da Xunta e no pleno anterior se lles mentiu ou ocultou información.- Que se alegra que agora se recoñeza que é unha iniciativa da Xunta.

A Sra. Martínez Troncoso contesta que xa dende o mes de setembro se estaba tratando de levar a cabo algunhas bonificacións a empresas sobre todo; que entre esas bonificacións como xa dixo no pleno pasado e volveu a repetir neste, estaban bonificacións nas taxas de lixo, auga e saneamento e que o que se dixo que ía a estudar a lei, porque tiña moitos detractores, que había que estudialo e que logo se decidiría se nos adheríamos ou non.- Que a orde do día a fixa o Sr. Alcalde e non a oposición e si el considera mellor debatilo en dous días porque estaba en estudio o tema de adhesión pois así o decide.- que en ningún momento se mentiu ou se ocultou información; que agora se trae o asunto porque se considera que é de interese a

adhesión; que é moi fácil para a Xunta de Galicia propoñer o de Concello emprendedor, pero con cartos do concello; que había cousas que había que valorar e iso foi o que se fixo.-

O Sr. Oubiña di que no pleno anterior xa se dixo que se traían algunhas melloras de taxas e se aproveitou tamén para recoller algunhas das bonificacións que establecía a Xunta para o tema de concellos emprendedores; que así é como favorece a Xunta o emprendemento: con cargo ós concellos.- Que antes se aprobaron unhas rebaixas de taxas e agora se vota un documento de adhesión case imposto pola Xunta; que a Sra. Peña se quere colgar medallas.-

A Sra. Peña di que é unha iniciativa da Xunta e se non están de acordo pois que non se adhiran; que a lei recolle unha discriminación positiva para algunhas subvencións no caso de ser concello emprendedor, puntuando máis algunhas axudas das que concede, pero que se un concello lle corresponde unha axuda non se la van a quitar.- Que a Xunta non ten competencia en taxas e impostos municipais por iso o ten que acordar o Concello.- Que non se trata de colgarse medallas, pero no tema das bonificacións é iniciativa da Xunta, aínda que non ten competencia directa.

Remata dicindo que o asunto estase debatindo dúas veces; que en doce días non cree que o parecer sexa moi distinto e que no pretende dicir ao Alcalde os puntos que debe incluír na orde do día.

O Sr. Oubiña Lago da lectura á cláusula de "discriminación positiva" e engade que iso quere dicir que os concellos poden perder axudas que xa teñen; que a Xunta ten medios para favorecer aos concellos emprendedores e poderían compensar estas bonificacións.

O Sr. Alcalde toma a palabra e incide en que os puntos da orde do día os decide o equipo de goberno; que xa se estaba traballando neste tema dende o mes de agosto ou setembro e nestas taxas e noutras que posiblemente tamén se traten en pleno; insiste en que as medidas para o emprendemento son a costa do concello e non da Xunta, pero aínda así que o equipo de goberno ten claro que hai que axudar ás empresas; que non é un mérito do P.P. senon do equipo de goberno e do concello en sí, e non hai que buscar máis problemática.

O Pleno Municipal, por unanimidad dos Sres. asistentes acorda:

Primeiro.- Solicitar a adhesión ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para establecer un marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as diferentes administracións locais de Galicia, de xeito que poidan implicarse de maneira directa no fomento da implantación e fixación de empresas no territorio da Comunidade de Galicia, mediante a posta en

marcha da iniciativa "Concellos Doing Business Galicia", dentro do cal as Entidades Locais poderán asinar a súa adhesión ao convenio.

Segundo.- Notificar o presente acordo á Xunta de Galicia e a FEGAMP ós efectos oportunos

4º.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CREACIÓN DA SEDE ELECTRÓNICA.-

Dáse conta da Resolución da Alcaldía ditada para a Creación da Sede Electrónica do Concello de Ribadumia, do contido literal seguinte:

"Vista a necesidade de crear unha sede electrónica no Concello de Ribadumia e co obxecto de permitir o exercicio do dereito que teñen os cidadáns para relacionarse coas administracións públicas por medios electrónicos, de conformidade coa Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Visto que a sede electrónica se axusta ós principios de publicidade oficial, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.

Visto que a publicación na sede electrónica de informacións, servizos e transacción respectará os principios de accesibilidade e usabilidade de acordo cos estándares abertos e, de ser o caso, naqueloutros que sexan de uso xeneralizado polos cidadáns.

Á vista do disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en vigor dende o 2 de outubro de 2016,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Crear a sede electrónica do Concello de Ribadumia, dispoñible no enderezo electrónico <https://sede.concelloderibadumia.es>, cuxa titularidade, xestión e administración lle corresponden a estre concello.

SEGUNDO: A sede electrónica suxéitase ós principios de publicidade oficial, responsabilidade, calidade, seguridade, dispoñibilidade, accesibilidade, neutralidade e interoperabilidade.

TERCEIRO: A sede electrónica será accesible ós cidadáns todos os días do ano, durante as vinte e catro horas do día. Só cando concorran razóns xustificadas de mantemento técnico ou operativo poderá interromperse, polo tempo imprescindible, a accesibilidade á mesma.

CUARTO: A sede electrónica terá o contido marcado na lexislación aplicable, debendo figurar en todo caso:

- A identificación da sede, así como do órgano ou órganos titulares e das unidades administrativas responsables da xestión e dos contidos e servizos postos a disposición dos cidadáns na mesma.*
- A información necesaria para a correcta utilización da sede, así como a relacionada coa propiedade intelectual.*
- O sistema de verificación dos certificados da sede e dos selos electrónicos.*
- A identificación das canles de acceso ós servizos dispoñibles na rede.*
- A relación de sistemas de sinatura e certificado electrónicos que son admitidos ou utilizados na sede electrónica, así como os procedementos para os que son válidos.*
- O inventario de información administrativa, co catálogo de procedementos e servizos prestados polo concello.*

- *O acceso, de ser o caso, ó estado de tramitación do expediente, previa identificación do interesado.*
- *A indicación da data e hora oficial.*
- *O calendario de días hábiles e inhábiles para os efectos do cómputo de prazos.*
- *A información relacionada coa protección de datos de carácter persoal.*
- *Un acceso ás normas de creación da sede e do rexistro ou rexistros electrónicos accesibles desde a sede.*
- *Os formatos admitidos para a presentación de documentos electrónicos no rexistro electrónico.*
- *Unha ligazón para a formulación de suxestións e queixas ante os órganos que en cada caso resulten competentes.*
- *O acceso ó perfil do contratante do Concello de Ribadumia.*
- *O acceso ós sistemas de facturación e licitación electrónicos.*
- *O taboleiro electrónico de anuncios.*
- *O acceso ó sistema de comprobación da autenticidade e integridade dos documentos emitidos polos órganos ou organismos públicos que abrangue a sede que fosen autenticados mediante código seguro de verificación.*
- *Calquera outro servizo, procedemento e información esixido na normativa vixente.*

QUINTO: O concello fará público na sede electrónica e manterá actualizado o catálogo de procedementos e actuacións dispoñibles electronicamente.

SEXO: Establecer que a publicación de actos e comunicacións no taboleiro de anuncios da sede electrónica terá carácter complementario á publicación no taboleiro de anuncios municipal, sen prexuízo de que poida ser substituída pola devandita publicación electrónica nos casos en que así se determine.

SÉTIMO: Publicar a creación da sede no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios do concello.

A Sra. Martínez Troncoso da conta de que se este é o inicio dos trámites para poñer en marcha o dereito que teñen os cidadáns para dirixirse ás admsinistracións de forma telemática; que trátase de aprobar a sede e logo haberá que aprobar unha ordenanza de desenrolo da sede, e explica brevemente cal será o funcionamento da sede.

O Pleno Municipal dáse por enterado do contido da Resolución, ratificando o seu contido.

5º.- MOCIÓN SOBRE A NECESIDADE DE ADICAR RECURSOS ECONÓMICOS Á INVESTIGACIÓN E COMBATA A PRAGA DA VESPA VELUTINA.-

Toma a palabra o Sr. González Ledo para indicar que sométese á consideración do Pleno esta moción (xa tratada en Comisión Informativa), dando lectura íntegra á mesma, do contido seguinte:

Case que trinta concellos da provincia de Pontevedra teñen unha presenza de máis de cen niños de Vespa Velutina na súa superficie segundo os propios datos da Consellería de Medio Rural. A incidencia é especialmente alta na comarca do Morrazo onde a presenza deste insecto é moi importante.

Por poñer un dato que clarifica a situación, con data 8 de agosto, só seis concellos da provincia estaban por riba da localización de cen niños. Apenas vinte días máis tarde, o número de concellos nos que estaban localizados máis de cen niños eran nove, segundo os datos da propia consellería de Medio Rural.

A Velutina, que en principio non é máis perigosa que calquera outra especie da súa familia para o ser humano, ten unha incidencia moi importante no medio ambiente ao ser un depredador doutros tipos de vespas e abellas. Ataca as colmeas destas especies provocando ademais un dano irreparable sobre a polinización natural que fan estes insectos nas producións de frutais ou florais.

Por elo, e ante o crecemento exponencial que está tendo a Vespa Velutina na provincia, é urxente a declaración da praga (organismo nocivo de calquera especie) con arranxo á Lei 43/2002, que establece que este recoñecemento oficial supón a "definición do organismo causal, a delimitación da zona afectada e as medidas fitosanitarias" adecuadas para o seu tratamento.

A Vespa Velutina xa está considerada como unha especie invasora a nivel nacional, a Unión Europea tena incluída no seu catálogo de especies invasoras e o País Vasco tamén a ten catalogada como "fauna exótica invasora".

Sen embargo, en Galicia só existe un plan de vixilancia e control cunha resposta moi "tibia" por parte da Xunta. De feito, este plan, posto en marcha en 2013, fracasou tal e como recoñeceron os propios responsables no Parlamento de Galicia; é algo que se demostra co grado de afectación: máis de douscentos concellos con presenza de niños e, só na provincia de Pontevedra, retirados máis de 1.900 niños nos 6 primeiros meses do ano.

Outro aspecto que apenas está desenvolvéndose é o estudo técnico da mellor forma de combater esta auténtica praga. Só un pequeno equipo da Universidade de Santiago e Vigo, con financiamento privado, están desenvolvendo estudos para o control da invasión da praga. É necesaria a creación dun equipo multidisciplinar para coñecer con exactitude, non só como controlar, senón os mellores sistemas para evitar a súa propagación que nestes intres parece imparabile.

Por último, consideramos imprescindible a creación dun equipo especial dotado dos medios materiais e técnicos necesarios para combater a praga sen descargar as competencias nos equipos de Protección Civil dos pequenos concellos. Neste intre, a presenza da Vespa Velutina en Galicia é unha praga similar aos incendios forestais, polo dano que está a facer ó medio ambiente, polo que é necesario que o seu combate sexa feito por profesionais e non por apicultores particulares e servizos municipais de bombeiros e Protección Civil que non contan coa formación nin cos medios adecuados

Por todo isto, o equipo de goberno do Concello de Ribadumia presenta, para o seu debate e aprobación, se procede, os seguintes ACORDOS:

1.- Instar a Xunta de Galicia a declarar de xeito urxente a presenza da Vespa Velutina como praga, de acordo coa Lei 43/2002.

2.- Instar a Xunta de Galicia a dotar dunha partida económica suficiente para favorecer a investigación para o control e a eliminación desta especie invasora dos concellos galegos.

3.- Instar a Xunta de Galicia a abordar dun xeito integral a creación dun equipo especial, con formación e medios técnicos e materiais, para a eliminación dos niños de todos os concellos exercendo as súas competencias.

4.- Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e á Consellería de Medio

Continúa dicindo que preténdese aprobar a moción por unanimidade e xa o dixo na C.I.- Que no último ano houbo un incremento de niños moi grande (en Ribadumia uns 350 niños o ano pasado); que hai días que recollen dous ou tres ao día; que os voluntarios só contan cun traxe e unha pértiga pero ao ser tantos os medios non son suficientes e é un traballo perigoso; que é un problema supramunicipal é competencia da Consellería e só hai un plan de vixilancia que xa no ano 2013 se tiña quedado curto.

Que a presión da praga é fortísima e tódolos concellos están víndose desbordados; por iso considérase esencial que se investigue e se poñan os medios para remedialo.

Toma a palabra o Sr. Serantes Alvarez para dicir que se solicita aunar forzas para combater a loita contra a velutina.- Que na moción se fala de ámbitos moi xerais e non se fai referencia aos datos desta zona aínda que se ten dito na intervención do Sr. González Ledo.

Que a Xunta dende o 2010 a 2013 tiña un plan de loita contra a velutina e agora está poñendo máis medios e estase a facer estudos coas universidades., ten brigadas propias e con empresa públicas como Seaga, Trasatec,... e están concedendo axudas ás asociacións de Protección Civil e con formación aos apicultores; que o que se pide é aunar esforzos e xa se está a facer.

Que consideran que é unha moción oportunista, para cubrir unha orde do día escaso e non recolle datos da comarca; que non ten membrete nin ven asinada a copia facilitada e parece unha moción tipo que puido vir doutra zona.-

Que quere deixar constancia do gran traballo de Protección Civil; que na reunión da Comisión Informativa non se coñecían os datos e di que van a votar en contra polos motivos expresado.

O Sr. González Ledo contesta que entende que o P.P. defende ao partido que lle da de comer; que fala de estudos e non existe ningún estudo da Xunta, só da Universidade.

Que existe un plan de 2013 e ideouse para aquelas datas, que en 6 meses estaba obsoleto en 2017 e parece que hai rebumbio político e ó mellor lles acorda na Consellería facer un plan no ano 2019/2020 que estará obsoleto en 6 meses.

Dos máis de trescentos niños só un foi retirado por Trasatec e a actuación da Xunta é lamentable; que no Concello de A Illa hai un nun colexio a aínda non o quitaron `porque lle compete á Consellería; insiste en que só deron dous traxes e que no que respecta á formación aos apicultores dí que estes están tratando de buscar

unha solución pola súa conta.- Que se quere buscar escusas para non aprobala (e ser cómplice da deixadez neste asunto) porque non está asína ou porque pon datos do Morrazo; que se quixeran modificar algún texto da moción non houbera habido problema.

A Sra. Martínez Troncoso dí que é triste que agora é a época en que os veciños menos avisan e parece que estase a esperar que pase algo; lembra que se notan as vibracións dun niño ata os 5 metros e ata 500 ms. Seguen ás persoas; que está documentado que incluso poden lanzar veneno; que primeiro se mire que se manda votar en Cambados aos do seu partido e teñen que cumprir as directrices que se lles de.- Que os medios que puxo a Xunta non son suficientes; que dende 2014 con detección de niños e o problema estaba na zona norte de Galicia e pola Guardia; que en 2015 xa se vía como zona risco esta zona e ao longo de 2016 xa se ve o incremento tan grande que se produciu.- e se non se toman medidas lamentaremos cando haxa problemas.

Toma a palabra o Sr. Oubiña Lago para dicir que se retiraron un elevado número de niños e por iso se considera que hai un problema e se trae a moción; Dí que hai dous veráns había uns niños na beira do río e chamouse a Tragsa e tardaron máis dunha semana en vir; e se lles dixo que por alí paseaba Rajoy e viñeron cun traxe, unha pértiga e unha bomba avariada; que estase a mandar aos voluntarios a facer un traballo inconmensurable; que non queren votar a favor da moción por cuestións políticas.

O Sr. Serantes di que cada vez que se vota en contra dunha moción parece que tratan de convencelos para votar a favor; que insiste en que a Xunta xa está a facer o que o Concello lle pide agora; que ten asinados convenios coas universidades para estudar de onde ven o problema e atallalo de raíz si é que se pode; que esta moción é un brindis ao sol e que lle sorprende que presentaron mocións sobre as rotonda dos Castaños, ou o plan de acción comunitaria ou para que a Deputación destinara o parque de maquinaria para repara camiños municipais e o equipo de goberno votou en contra e non pasou nada e iso sí que é partidista.

O Sr. González Ledo di que se o P.P. pensa que o que se está a facer é o correcto e se xustifica con iso, é cousa deles; que intentaron buscar consenso e o P.P. non fixo ningún apunte .

O Sr. Alcalde dí que deduce que non coñecen a realidade de Ribadumia neste asunto da velutina que son moitas e hai poucos recursos; que non lle corresponde ao concello e estanse a poñer todos os medios posibles posibles para eliminalos e compete á Xunta; que se puxeron en contacto co 112, con Medio Rural, con Tragsa e acaban dicindo que non teñen medios.- Incide novamente nos datos aportados de niños retirados e da labor realizada por Protección Civil.-

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor e seis en contra (P.P.) o Pleno Municipal acorda:

1.- Instar a Xunta de Galicia a declarar de xeito urxente a presenza da Vespa Velutina como praga, de acordo coa Lei 43/2002.

2.- Instar a Xunta de Galicia a dotar dunha partida económica suficiente para favorecer a investigación para o control e a eliminación desta especie invasora dos concellos galegos.

3.- Instar a Xunta de Galicia a abordar dun xeito integral a creación dun equipo especial, con formación e medios técnicos e materiais, para a eliminación dos niños de todos os concellos exercendo as súas competencias.

4.- Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia e á Consellería de Medio

6º.- MOCIÓN PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA E A AUGAS DE GALICIA A ASUMIR AS SÚAS RESPONSABILIDADES NO MANTEMENTO DAS CANLES FLUVIAIS.-

Toma a palabra o Sr. González Lede para dar conta da moción presentada para "Instar á Xunta de Galicia e a Augas de Galicia a asumir as súas responsabilidades no mantemento das canles fluviaís" na que, en resumo, expónse que:

"O Concello de Ribadumia contén una innumerable cantidade de pequenos regatos, presas e canles de auga. Tradicionalmente estas canles fluviaís servían para irrigar os campos e fincas de labradío e eran os propietarios desas fincas os que se ocupaban do seu mantemento de limpeza, así como da xestión de auga, independentemente de que as competencias fosen da Xunta de Galicia. Isto provoca unha situación de simbiose gracias á cal se evitaban enchentas no inverno e se favorecía a correcta distribución da auga no verán.

O cambio no modelo produtivo e o progresivo abandono no do campo está provocando que moitas fincas queden baldías e con elas abandónase o mantemento de regatos, presas e canles de auga. A proliferación da maleza provoca que esas canles fluviaís se atranquen e no inverno se desborden, provocando todo tipo de problemas como inundacións, bloqueando accesos, especialmente nas zonas máis baixas, ou que auga se desvíe chegando incluso a zonas habitadas.

Este equipo de goberno estase encontrando actualmente cun problema engadido: as queixas de numerosos veciños que se atopan con que nin poden limpar os regatos que pasan polas cabeceiras das súas fincas para evitar as enchentas debido ás restricións esixidas desde a administración automática, nin a entidade que se debería ocupar de facer esa limpeza, Augas de Galicia, o fai. E o peor é que naqueles casos onde un veciño consegue autorización para limpar na súa propiedade, a falta de mantemento no resto do tramo fluvial acaba provocando que as fincas se lle inundan igualmente.

O Concello non ten competencias nin medios para pode facer fronte a este problema, xa que, correspóndenlle a Augas de Galicia, entidade que depende da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do territorio da Xunta de Galicia, e que

ten, cando menos no Concello de Ribadumia, en total abandono o mantemento e limpeza das canles fluviais que percorren o noso termo municipal.

Por todo isto, propónse a adopción do seguinte acordo:

- *Instar á Presidencia da Xunta de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a que realicen, no ámbito das súas competencias, un inventario completo de regatos e ríos de toda Galicia.*
- *Instar á Presidencia da Xunta de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a que se responsabilicen, no ámbito das súas competencias, da limpeza e mantemento de todos eses regatos e ríos.*
- *Instar á Presidencia da Xunta de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a que doten, de ser o caso, dos medios suficientes a Augas de Galicia para que poida desenvolver correctamente as súas funcións ou, en caso de que realmente os teñan, investiguen as causas da falta de mantemento que actualmente se está a producir nos regatos e ríos cando menos deste concello.*
- *Instar a Augas de Galicia a asumir, de ser o caso, as súas responsabilidades no mantemento das canles fluviais e a facilitar e reducir os trámites burocráticos, os prazos e as esixencias á hora de conceder permisos de limpeza para aqueles veciños que así o soliciten.*

Indica que tamén neste caso son competencias que non corresponden ao Concello e resulta que non se están limpando as canles e trátase de solicitar que asuma as súas competencias e Augas de Galicia que limpe as canles

A Sra. Peña dí que trátase de votar balóns fora e culpar á Xunta; que hai que aunar esforzos e que o Concello está para resolver os problemas aos veciños en colaboración con outras administracións; que xa tense falado noutras ocasións e hai que axudas aos veciños e colaborar coa Xunta.

Que a Xunta xa ten un inventario de ríos e canles polo que o que se indica na moción non se corresponde coa realidade porque xa está inventariado os ríos e regatos principais; que debese colaborar coa maquinaria do concello para limpar; pregunta cantos escritos se mandaron a Augas de Galicia solicitando a limpeza e que se diga qué contestaron dende ese organismo ou se se lles negou autorización ao concello para que limpara.

Remata dicindo que hai que ser responsables e aunar esforzos, e non escudarse en que todo é competencia da Xunta e hai que colaborar na limpeza sobre todo en regatos pequenos e canles das pistas municipais.

O Sr. González Ledo di que non so se atascan as presas de regadío senon tamén os regatos e ríos, incluso o Armenteira e outros que van a dar ao Umia;: que dos ríos e regatos deste Concello o 90% non figura inventariado; que el ten claro que o Concello está para axudar aos veciños, pero hai que esixir competencias a quen as ten e resulta que Augas de Galicia hai anos que non manda unha cuadrilla a limpar.-

O Sr. Oubiña toma a palabra e di que novamente resulta que na Comisión Informativa o grupo de P.P. non pediu datos e agora o usan como escusa.

Di que o Concello está asumindo competencias que non lle corresponde e estanse gastando recursos e tempo en realizar funcións que corresponden a outras administracións; que a cada veciño que veu por un problema deste tipo sempre que pudo solucionouse; que cando algún veciño solicita autorización de Augas de Galicia para limpalos se atopa con impedimentos.- Que tráese unha moción para defender os intereses e remata dicindo que ou que cambien a normativa e Augas de Galicia deixe facer o mantemento das canles ou que a fagan.

A Sra. Martínez Troncoso día que a falta dese inventario (que a Sra. Peña di que ten a Xunta) é un dos problemas que hai na parcelaria de Lois que non está recollida nin recoñecida na Xunta.- Que pregunten ao Club Náutico quen retirou as árbores para a baixada; que uns veciños de Sisán pagaron a taxa para limpar a presa e só lle puxeron problemas e outro cando chamou para que limparan lles contestaron que non tiñán nin medios nin cartos.- Que o Concello colabora coa Xunta e resolve os problemas dos veciños, pero a Xunta tamén terá que facelo.

A Sra. Peña Muñiz di que quere facer constar que está aquí para defender os intereses dos veciños de Ribadumia e pregunta cantos escritos se presentaron solicitando a limpeza e qué escritos contestaron dende Augas de Galicia.- Insiste en que hai que traballar en conxunto para resolver os problemas dos veciños e aquí o que o equipo de goberno pretende é trasladar os problemas a outras administracións.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e expón que esta moción nace porque hai unha serie de problemas e cada vez que se pon en contacto con Augas de Galicia parece que só están para dar autorizacións, pero non para facer limpeza; que os responsables do servizo lle dixeron en varias ocasións que non tiñan medios; que o Concello fixo xestións e agora se percibe que hai un problema e eles transmitiron que era imposible limpar as presas e que non tiñan medios, nin hai inventario delas.-

Que o Concello está para colaborar con tódalas administracións: Xunta, Deputación, Ministerios, pero que os veciños teñen que saber que o fae o Concello, e a Xunta non e que a Xunta dixo que era moi difícil facer o inventario e mantelo.- Que cando se fan limpeza as fai o Concello, pero lles correspondería á Xunta e os veciños o teñen que saber, que Augas de Galicia so da o permiso e incluso niso ás veces se atopan trabas.

Que, na medida do posible, se subsane estes problemas que lle afecta a este Concello e a outros.- Que mediante acordo plenario é o medio máis eficaz para reclamálo á Xunta, e que parece que o P.P. non quere que se limpen as presas e as canles.

Rematadas as intervencións o Pleno Municipal, por maioría de sete votos a favor e seis en contra (P.P), acorda:

- Instar á Presidencia da Xunta de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a que realicen, no ámbito das súas competencias, un inventario completo de regatos e ríos de toda Galicia.
- Instar á Presidencia da Xunta de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a que se responsabilicen, no ámbito das súas competencias, da limpeza e mantemento de todos eses regatos e ríos.
- Instar á Presidencia da Xunta de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio a que doten, de ser o caso, dos medios suficientes a Augas de Galicia para que poida desenvolver correctamente as súas funcións ou, en caso de que realmente os teñan, investiguen as causas da falta de mantemento que actualmente se está a producir nos regatos e ríos cando menos deste concello.
- Instar a Augas de Galicia a asumir, de ser o caso, as súas responsabilidades no mantemento das canles fluviais e a facilitar e reducir os trámites burocráticos, os prazos e as esixencias á hora de conceder permisos de limpeza para aqueles veciños que así o soliciten.

7º.- MOCIÓN PARA APOIAR AO CONCELLO DE CAMBADOS NA SÚA DEMANDA DE SITUAR NO SEU MUNICIPIO A SEDE DO CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE "RÍAS BAIXAS".-

Toma a palabra o Sr. Oubiña Lago para dar conta da moción, do contido que se indica, que se somete á consideración do Pleno para situar a sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas" no Concello de Cambados; dí que é unha moción aprobada polo Pleno de Cambados que pide que se apoie.-

Desde tempo inmemorial o nome de Cambados e do Salnés vai asociado ao viño Albariño. Xa a principios do século pasado a prensa comarcal recollía as demandas dos viticultores e adegueiros de Cambados e do Salnés dunha maior atención ao Albariño, conscientes do seu enorme potencial.- Desde hai sesenta e cinco anos Cambados celebra o principal acontecemento de promoción deste viño: a Festa do Albariño. Sen o esforzo e o traballo de todas as persoas que teñen participado na súa organización, non sería posible falar do que representa o sector do Albariño na actualidade.

Hoxe arredor do 75% dos viticultores da Denominación de Orixe "Rías Baixas" son veciños do Salnés e máis do 65% do viño prodúcese na nosa comarca.

Neste ano 2017 Cambados é a Cidade Europea do Viño. Un recoñecemento internacional concedido pola Rede Europea de Cidades do Viño. Sendo o primeiro municipio galego en acadar tal galardón.

Por todas estas razóns, Cambados merece ser a sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas".

Sen embargo, en outubro de 2003, acordouse levar a sede do Consello Regulador a Pontevedra, a pesar de non estar incluída esta cidade na Denominación de Orixe "Rías Baixas", o que constitúe un feito insólito nas máis de 70 Denominacións de Orixe existentes en España.

Debido a esta decisión, agora son outras persoas as que se están a beneficiar do traballo realizado durante moitas décadas polas xentes de Cambados e O Salnés, perdendo esta vila e a nosa comarca unha oportunidade única e promoción exterior.

Ademais de reparar unha inxustiza histórica, a localización da sede do Consello Regulador en Cambados constituirá un extraordinario impulso económico para o tecido comercial e industrial cambadés e saliniense que redundaría na xeración de riqueza e na tan necesaria creación de emprego.- Por historia e por xustiza, a sede do Consello Regulador "Rías Baixas", debe estar en Cambados.

Por todo o exposto, proponse ao Pleno desta Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

- *Apoiar ao Concello de Cambados na súa demanda de situar no seu municipio a sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas".*

Toma a palabra a Sra. Peña Muñiz para indicar que ninguén vaise a opoñer a que a sede estea en Cambados; di que no seu día decidiuse instalar a sede en Pontevedra para actuar de forma centralizada; que este asunto xa forma parte do pasado e que aos viticultores o que lles interesa non é onde estea a sede senon falar dos problemas dos viticultores: o prezo da uva, o incremento do cupo, que a uva teña un prezo mínimo e xusto...) e agora é tempo de tratar doutras problemáticas e non disto, que é remover lodos do pasado; que o certo é que o Consello se despraza ao Salnés cando hai algún problema ou xestión que facer; que se debe debater sobre os problemas que afectan aos viticultores.

O Sr. Oubiña Lago di que estaría encantados de debater todos os problemas que afectan aos viticultores e seguirán a tratarse; que o P.P. non trae mocións para tratar deses asuntos e que aos veciños tamén lles preocupa o asunto das vespas velutinas ou as enchentas dos ratos e eles non apoian os acordos que se adoptan ao respecto.-

A Sra. Peña engade que o que pretende o equipo de goberno é pasar a pelota a outras administracións; que ata de agora o concello traballaba e sempre houbo colaboración con outras administracións; que se lles preocupan os veciños que traten asuntos que lles afecten e non subidas de taxas e impostos e noutros asuntos so dicir que as competencias son doutras administracións.

O Sr. Oubiña aclara que se hai algún problema esixen a quen teña competencia e o Concello colabora con tódalas demais administración.-

Toma a palabra o Sr. Alcalde e indica que sobre algúns dos aspectos indicados pola Sra. Peña a competencia é do Consello Regulador, pero aínda así o Concello apoia e colabora en todo o que poida mellorar a calidade dos recursos e dos viticultores.- Lembra que o P.P. de Cambados apoia esta moción e que é unha pena que cando un partido da oposición discrepa que aproveite calquera punto da orde do día para falar de todo; remata dicindo que se trae mocións ao Pleno porque son asuntos nos que o Concello non ten competencia e depende doutras administracións e hai que decirlle ás administracións competentes que teñen que resolver.

- Rematadas as intervencións o Pleno Municipal por maioría de sete votos a favor e seis abstencións (P.P) acorda: Apoiar ao Concello de Cambados na súa demanda de

situar no seu municipio a sede do Consello Regulador da Denominación de Orixe "Rías Baixas".

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Neste punto da orde do día toma a palabra o Sr. Alcalde para manifestar o pesar desta Corporación polo falecemento de D. Xosé Vilas Fariña, que tanto traballou por recoller a historia desta comarca, e en especial de Ribadumia, facendo traballos importantes e colaborando con institucións e que quede constancia do recoñecemento pola súa labor realizada.

A Sra. Peña Muniz se suma a este recoñecemento polo traballo e publicacións de toda a comarca que fae posible que os sucesores coñezan a historia.

1º.- Toma a palabra o Sr. Serantes Alvarez e dí que no Pleno de 21/12/17 preguntou se se xustificaron a totalidade das obras do Plan Concellos 2016 e se lle contestou de que quedaban por xustificar dúas obras e que el preguntou na Deputación e resulta que se presentou ao día seguinte do Pleno.-

Se lle aclara que cando se dixo que estaban xustificadas é porque xa estaban xustificadas o resto das obras e que haberá que comprobar os rexistros de saída.-

O Sr. González Ledo di que o prazo de xustificación do Plan Concellos 2016 ampliouse ata o 31 de decembro de 2018.

O Sr. Serantes Alvarez insiste en que non se atende ás solicitudes de petición de documentación e solicitan novamente as actas da Xunta de Goberno que están pendentes de entregar dende hai varios meses.

O Sr. Alcalde di que se lles está facilitando a documentación incluso cando non a solicitan por escrito e que oxalá que todos os concellos gobernados polo P.P. facilitaran así a información.

Toma a palabra o Sr. Oubiña e di que aos concelleiros do P.P. lles gusta dar a entender que o equipo de goberno interveñen mais veces nas sesións, pero teñen que entender que hai un alcalde e logo uns concelleiros que teñen competencias en materias determinadas e que agora á oposición non se lles nega o dereito de falar e noutras corporacións algún so tiñan un turno de palabra.-

A Sra. Peña contesta que en varias ocasións so se lle deixou dúas intervencións e o equipo de goberno tivo varias.-

E non habendo máis asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as vintedúas horas e trinta minutos, do que eu, como Secretaria, dou fe.-